

**Acta núm. 16/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 04 de outubro de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas, do 4 outubro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2022, DO 13.09.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA E CLIMATIZADA DO CONCELLO DE BRIÓN.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2022, DO 13.09.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 13.09.2022, acta núm. 15/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÁLVARO TARELA DOBARRO, na que comunica que vai rehabilitar un muro de contención de pedra en contacto coa vía pública, nunha parcela sita en Guisande 11, Os Ánxeles.

A rehabilitación do peche consiste en aplomar as pezas que o necesiten e posterior encintado do muro, sen incrementar a altura que actualmente é de 1 m. no punto máis alto dende a rasante do camiño, nin modificar o trazado actual do mesmo.

A parcela (referencia catastral núm. 6531412NH2463S0001HR) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Guisande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 80,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai aumentar a altura dun peche existente nunha parcela situada na Avda. dos Ánxeles 31, Os Ánxeles. O peche sitúase no linde sur da parcela e incrementarase con bloques de formigón ata una altura de 1,20 m., nun tramo de 2,40 m. de lonxitude.

A parcela (referencia catastral núm. 6647321NH2464N0001ID) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,21 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 66,78 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN PAZOS PATIÑO, na que comunica que vai construír un peche de pedra en contacto coa vía pública, en Gontade, Os Ánxeles. O peche farase de pedra con columnas intercaladas, deixando dous accesos de entrada, terá unha altura de 1,80 m. e unha lonxitude de 24 m.

A parcela (referencia catastral núm. 5331604NH2453S0001TM) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche deberá afastarse 5,50 m. do eixe do vial.
.- A altura do peche deberá tomarse dende a rasante do vial ao que da fronte.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,76 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 107,33 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS M. RABUÑAL REY, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Ons 23, Ons:

.- Construír un alpendre para uso agrícola, de 41,25 m²., con fábrica de bloque, revestido, pintado en cores claras e cuberta a dúas augas, a edificación situarase na parte traseira da parcela na que xa se asenta unha vivenda.
.- Instalación de 8 módulos de placas fotovoltaicas para autoconsumo sobre a cuberta do alpendre que se pretende construír.

A parcela na que se van executar as obras (referencia catastral núm. 2090203NH2429S0001OZ), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona oeste en área non consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 313,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 377,67 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUÍS MILÁN DOPICO, na que comunica que vai pintar en cor beis a fachada principal da vivenda de Guitiande 12, Os Ánxeles.

A edificación onde se van executar as obras (referencia catastral núm. 7350301NH2475S0001AL), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Guitiande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE4, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,02 euros.

Total: 14,02 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por IVÁN REY OTERO, na que comunica que vai abrir unha porta de paso nun peche de parcela existente, sito na Urbanización Monte Balado 37 baixo, Os Ánxeles, para ter acceso ás zonas comúns da urbanización.

A edificación onde se van executar as obras (referencia catastral núm. 6550706NH2465S0001BG) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,48 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 72,05 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO NOYA SANMARTÍN, na que comunica que vai realizar obras de reforma en Cirro 12, San Salvador, consistentes en substituír un ventanal de aluminio sito na fachada principal da vivenda a nivel da planta baixa por unha porta de entrada, e dúas ventás de pvc.

A edificación na que se van executar as obras (referencia catastral núm. 7629401NH2472N0001MY), emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peldaño de entrada á vivenda non poderá sobresaír da liña de fachada da mesma.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 54,85 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 119,42 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN GONZÁLEZ SEIJAS, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda situada na Rúa Gondar 6, Brión, consistentes en:

.- Reparar a cuberta da vivenda sen afectar á estrutura nin ao volume actual da mesma.

.- Reparar as contra-ventás e a porta de entrada á vivenda, de madeira todas elas.

.- Pintar o interior da vivenda, unha vez reparadas as filtracións de auga que afectan á cociña.

A parcela (referencia catastral núm. 656220NH2466S0001XO) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 106,57 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA MARÍA DAPENA VÁZQUEZ, na que comunica que vai reparar a soleira que da acceso ao garaxe e á vivenda da Avda. dos Ánxeles 58, Os Ánxeles, con firme de formigón pulido.

A parcela (referencia catastral nº 6645105NH2464N0001GD) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 27,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 91,73 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL BAAMEIRO GÓMEZ, na que comunica que vai construír un peche de separación cos lindeiros, nunha parcela sita na Rúa da Senra 2, Os Ánxeles, dunha lonxitude aproximada de 32 metros lineais, con tres fileiras de bloques e arame por encima.

A parcela (referencia catastral 6848408NH2464N0001UD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2), e atópase dentro da zona de policía do Rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 30.08.2022 (clave DH.W15.85895) e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 34,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 98,97 euros.

TERCEIRO-. LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda en Liñares 36, Brión (referencia catastral 5750430NH2455S0000ZP), abrindo unha zanja de 55 metros de lonxitude sobre un vial de titularidade da Deputación Provincial da Coruña, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 03.08.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial de A Coruña, de data 06.09.2022 (expediente: 2022000041755), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A obra deberá axustarse ás condicións recollidas na autorización da Deputación Provincial da Coruña do 06.09.2022, expediente 2022000041755.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 134,38 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 198,95 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda en Coruxido 27, Bastavales (referencia catastral 7002704NH2470S0001TE), abrindo unha zanja de 12 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña de data 14.09.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoiñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 244,67 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 48,93 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 113,50 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Romero Lage, que di actuar en representación de JESÚS GARCÍA LEMA e MARÍA ROSA RODRÍGUEZ VELO, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Coruxido 58, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Carlos Romero Lage, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data 22.07.2022 (expte. 2200686).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 7505110NH2470N0001YK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Carlos Romero Lage, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data 22.07.2022 (expte. 2200686).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (17,79 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 17,79 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 29 de setembro de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.901,37 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 121,24 euros.

Total: 2.022,61 euros.

QUINTO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA E CLIMATIZADA DO CONCELLO DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía do 28.09.2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 03.10.2022, que transcrita di:

Dada conta do expediente tramitado para a contratación da: concesión de servizos para a xestión e explotación da piscina municipal cuberta e climatizada do Concello de Brión, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, cun orzamento base de licitación de: 1.000.000,00 €, exento de IVE, polo prazo de 10 anos, licitado mediante a publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello, que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 22.06.2022, téndose presentado 2 empresas. (Expediente BR20220020).

Antecedentes:

1º) Resultando que con data 20.07.2022, a Mesa de Contratación acordou:

1º) Admitir a todas as empresas presentadas.

2º) Fixar o día 22 de xullo de 2022, ás 9,00 horas, na Casa do Concello, para o acto público de apertura dos sobres ou arquivos electrónicos B: Criterios obxecto de xuízo de valor técnico.

2º) Resultando que con data 22.07.2022, a Mesa de Contratación acordou:

O obxecto da reunión é proceder á realización da apertura do sobre B das ofertas das empresas admitidas: Criterios obxecto de xuízo de valor técnico, acto público cuxa celebración foi anunciada mediante anuncio publicado no perfil de contratante con data 20.07.2022.

Realizada a apertura dos sobres electrónicos, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Remitir a documentación para o seu exame e avaliación a Brular Gestión S.L., adxudataria do contrato menor de data 14.02.2022 do servizo de: redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares, prescricións técnicas e asesoramento para avaliación dos criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor do contrato de concesión de servizos da instalación deportiva da piscina cuberta climatizada de Brión.

Logo de realizada a avaliación reunírase novamente a Mesa de Contratación nunha nova sesión para os efectos de outorgar as puntuacións que correspondan a cada proposición polo criterio de adjudicación que depende dun xuízo de valor dos sobres B.

Posteriormente realizarase o acto público de apertura dos sobres C nunha nova sesión da Mesa de Contratación no lugar, día e hora, que se fará público mediante anuncio no perfil de contratante consonte co disposto na cláusula 28.3. do PCAP.

3º) Resultando que con data 08.09.2022, a Mesa de Contratación acordou:

Dada conta do informe asinado por Brular Gestión S.L., de data 05.08.2022, adjudicataria do contrato menor de data 14.02.2022 do servizo de: redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares, prescricións técnicas e asesoramento para avaliación dos criterios de adjudicación que dependan dun xuízo de valor do contrato de concesión de servizos da instalación deportiva da piscina cuberta climatizada de Brión, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións ás empresas presentadas correspondentes ao arquivo electrónico B: criterios de adjudicación que dependen dun xuízo de valor, consonte co informe técnico de avaliación referenciado.

1. AQUAFIT GESTIÓN S.L.: 38,67 puntos.
2. VIRAXES S.L.: 22,45 puntos.

2º) Publicar na Plataforma de Contratos do Sector Público o informe de avaliación dos criterios de adjudicación contificables mediante xuízo de valor asinado por Brular Gestión S.L.

3º) Facer público no perfil de contratante do concello, que se aloxa na Plataforma de Contratos do Sector Público, que o acto público de apertura e lectura do arquivo electrónico C, se realizará na Casa do Concello o día 12 de setembro de 2022, ás 10 horas.

4º) Resultando que con data 12.09.2022, a Mesa de Contratación acordou:

En primeiro lugar deuse conta das puntuacións outorgadas pola Mesa de Contratación en sesión do 08.09.2022, consonte co informe de valoración, ás empresas presentadas correspondentes ao arquivo electrónico B: criterios de adjudicación que dependen dun xuízo de valor, que son as seguintes:

1. AQUAFIT GESTIÓN S.L.: 38,67 puntos.
2. VIRAXES S.L.: 22,45 puntos.

A continuación procedeuse á apertura dos sobres electrónicos C: Criterios avaliábeis en cifras ou porcentaxes. Oferta económica, dándose o seguinte resultado:

En primeiro lugar procedeuse a apertura do sobre C da empresa VIRAXES S.L., que fai a seguinte oferta económica: 96.000,00 euros/ano.

Para os efectos do outorgamento das puntuacións por este criterio comprobouse que a empresa simplemente fai a oferta económica, pero non achega á mesma, o estudo económico correspondente, que incluírá un desglose da conta de explotación por anualidades e para a duración total do contrato (10 anos) e que xustifica a súa oferta de licitación, esixido no prego de cláusulas administrativas particulares do expediente, que expresamente dispón que a non presentación do estudo económico suporá a exclusión do licitador no procedemento, polo que a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste licitador do procedemento polo motivo exposto.

En segundo lugar procedeuse á apertura do sobre C da empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., que fai a seguinte oferta económica: 86.000,00 euros/ano.

Para os efectos do outorgamento das puntuacións por este criterio comprobouse que a empresa achega á mesma o estudo económico correspondente, que inclúe un desglose da conta de explotación por anualidades e para a duración total do contrato (10 anos) e que xustifica a súa oferta de licitación, esixido no prego de cláusulas administrativas particulares do expediente, polo que a Mesa de Contratación acorda por unanimidade, outorgarlle unha puntuación de 35 puntos, que corresponden a baixa feita do 14%.

A continuación continuouse co outorgamento das puntuación polo resto de criterios: II Outros criterios avaliábles a través de fórmulas matemáticas, dándose o seguinte resultado:

- Aplicación móbil: Si propón o licitador; puntos outorgados: 3,00 puntos.
- Implantación dun sistema de xestión de calidade: Si propón o licitador; puntos outorgados: 0,50 puntos.
- Certificación do sistema de calidade por entidade homologada: Non propón o licitador; puntos outorgados: 0,00 puntos.
- Enquisa de satisfacción de usuarios/as: Si propón o licitador; puntos outorgados: 3,00 puntos.
- Aportación e mantemento de desfibriladores semiautomáticos novos: Si propón o licitador; puntos outorgados: 1,00 puntos.
- Plan de formación continua: Si propón o licitador; puntos outorgados: 2,00 puntos.

O total de puntos outorgados á empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L. é o seguinte:

- Oferta económica: 35,00 puntos.
- Outros criterios avaliábles a través de fórmulas matemáticas: 9,50 puntos.

- Total sobre C: 44,50 puntos.

Total puntuación sobres B e C: 83,17 puntos.

En consecuencia, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Propoñer ao órgano de contratación á exclusión da empresa VIRAXES S.L., posto que simplemente fai a oferta económica, pero non achega á mesma, o estudo económico correspondente, que incluírá un desglose da conta de explotación por anualidades e para a duración total do contrato (10 anos) e que xustifica a súa oferta de licitación, esixido no prego de cláusulas administrativas particulares do expediente, que expresamente dispón que a non presentación do estudo económico suporá a exclusión do licitador no procedemento.

2º) Propoñer a adjudicación do contrato á empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L, polo prezo de: 86.000,00 euros/ano, que supón unha baixa do 14% respecto do orzamento base de licitación, exento de IVE, e polo prazo total de 10 anos, o que fai un total de: 860.000,00 euros, consonte coa proposta xeral de prestación do servizo ofertada polo licitador no sobre B, e consonte coas melloras propostas polo licitador no sobre C, que son as seguintes:

- Aplicación móbil, implantación dun sistema de xestión de calidade, enquisa de satisfacción de usuarios/as, aportación e mantemento de desfibriladores semiautomáticos novos, e Plan de formación continua; por considerar que presentou unha oferta conveniente para o Concello en aplicación dos criterios de adjudicación dos pregos e que non se atopa incurso en baixa desproporcionada ou temeraria.

3º) Requiritr á empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L para que presente, dentro do prazo de DEZ (10) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación establecida na cláusula 30 do prego de cláusulas administrativas

particulares, e a constitución da garantía definitiva polo 5% do importe ofertado para a totalidade da duración do contrato, excluído o IVE, polo importe de: 43.000,00 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; o documento orixinal da garantía deberá presentarse para o seu depósito na tesourería municipal.

5º) Resultando que con data 26.09.2022, a Mesa de Contratación acordou:

A través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a empresa presentou en prazo a documentación requirida pola cláusula 30 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e a fianza definitiva.

Tras a análise da documentación por parte da Mesa de Contratación, esta acorda que a empresa presenta toda a documentación requirida en prazo e de maneira correcta, polo que considera que cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicado este contrato.

Á vista do exposto, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Propoñer a adxudicación do contrato á empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L, polo prezo de: 86.000,00 euros/ano, que supón unha baixa do 14% respecto do orzamento base de licitación, exento de IVE, e polo prazo total de 10 anos, o que fai un total de: 860.000,00 euros, consonte coa proposta xeral de prestación do servizo ofertada polo licitador no sobre B, e consonte coas melloras propostas polo licitador no sobre C, que son as seguintes: Aplicación móbil, implantación dun sistema de xestión de calidade, enquisa de satisfacción de usuarios/as, aportación e mantemento de desfibriladores semiautomáticos novos, e Plan de formación continua; por considerar que presentou unha oferta conveniente para o Concello en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos e non se atopa incurso en baixa desproporcionada ou temeraria.

Considerando que neste Concello o órgano competente para a adxudicación deste contrato é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, propónse a adopción do seguinte **acordo**:

1º) Aprobar a exclusión da licitación da empresa VIRAXES S.L., consonte coa proposta da Mesa de Contratación, posto que simplemente fai a oferta económica, pero non achega á mesma, o estudo económico correspondente, que incluírá un desglose da conta de explotación por anualidades e para a duración total do contrato (10 anos) e que xustifica a súa oferta de licitación, esixido no prego de cláusulas administrativas particulares do expediente, que expresamente dispón que a non presentación do estudo económico suporá a exclusión do licitador no procedemento.

2º) Aprobar a adxudicación do contrato á empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L, consonte coa proposta da Mesa de Contratación, polo prezo de: 86.000,00 euros/ano, que supón unha baixa do 14% respecto do orzamento base de licitación, exento de IVE, e polo prazo total de 10 anos, o que fai un total de: 860.000,00 euros, consonte coa proposta xeral de prestación do servizo ofertada polo licitador no sobre B, e consonte coas melloras propostas polo licitador no sobre C, que son as seguintes:

- Aplicación móbil, implantación dun sistema de xestión de calidade, enquisa de satisfacción de usuarios/as, aportación e mantemento de desfibriladores semiautomáticos novos, e Plan de formación continua; por considerar que presentou unha oferta conveniente para o Concello en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos e non se atopa incurso en baixa desproporcionada ou temeraria.

3º) Aprobar o gasto desta anualidade con cargo á aplicación: 342.47900, adoptándose o compromiso de consignar nos orzamentos das anualidades seguintes, ata o total de 10 anos de duración da concesión, os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados deste expediente de contratación.

4º) Nomear responsable do contrato ao técnico de deportes José Manuel Trigo Romero, que exercerá as funcións sinaladas na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

5º) Notificar este acordo aos licitadores e publicar no perfil de contratante a adxudicación.

6º) Notificar este acordo ao adxudicatario para a formalización do contrato, que consonte co disposto no artigo 153 da LCSP e cláusula 32 do PCAP non poderá efectuarse máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, e logo da súa formalización facela pública mediante anuncio no perfil de contratante ao abeiro do disposto no art. 63 da LCSP.

7º) Remitir ao Tribunal de Contas dentro do prazo de tres meses desde a formalización do contrato copia certificado do documento de formalización, xunto cun extracto do expediente, en cumprimento do disposto no art. 335.1 da LCSP.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en virtude do acordo plenario de delegación de competencias do 27 de xuño de 2019, publicado no BOP do 3 de xullo de 2019, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta ditaminada nos seus propios termos.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González